

O galego medio

SÉCULOS ESCUROS

E

PRECURSORES

SÉCULOS ESCUROS

- Período: séculos **XVI-XVII-XVIII**.
- Non houbo practicamente produción literaria en galego.
- Causas: **implantación do castelán** como lingua da Administración e ensino.
- Circunstancias históricas:
 - Guerra civil pola sucesión de Henrique de Trastámara (Xoana a Beltranexa, filla do rei, apoiada pola nobreza galega, perde fronte a Isabel a Católica, irmá do rei).
- Consecuencia: sometemento do reino de Galicia á **MARXINACIÓN**

Proceso de marxinación do galego

- A nobreza galega perde o poder.
- Os cargos políticos e eclesiásticos serán ocupados por persoas foráneas.
- Imponse o castelán como lingua da Administración, da Igrexa e da educación.
- As clases altas comezan a substituír o galego polo castelán.

Consecuencias do proceso de marxinação

- O galego segue sendo o idioma de case toda a poboación PERO:
 - A lingua dialectalízase (hai moitas variantes) e ruralízase (convértese na lingua do campesiñado).
 - Non hai modelo de galego culto.
 - Desprestíxase o galego e os galegos.
 - En Castela créanse prexuizos sobre o galego a “lenda negra” (aparece na literatura e no refraneiro).

Mostras literarias dos Séculos Escuros

Séculos XVI-XVII

LITERATURA CULTA		
poesía	prosa	teatro
• Sonetos renacentistas e barrocos. • Poemas das Festas Minervais. • Décimas ao Apóstolo Santiago.	• <i>Relazón de Carta Executoria a Pedro Pardo de Cela.</i>	• <i>Entremés famoso sobre a pesca do río Miño.</i>

LITERATURA POPULAR		
poesía	prosa	teatro
• Panxoliñas. • «Pranto da Frouseira». • «Saqueo de Cangas polos turcos». • Cantigas de traballo nas diferentes estacións.	• Contos e lendas populares.	• Representacións ligadas a festividades relixiosas (Corpus, Nadal) ou profanas (entroido).



Padre Feixoo



Padre Sarmiento

Século XVIII: a Ilustración


- Os ilustrados galegos interéсанse pola lingua.
- O Padre Feixoo:
 - Demostrou que o galego non era unha forma corrupta do castelán, senón un idioma irmán do portugués.
- O Padre Sarmiento:
 - Defendeu o uso do galego no ensino, na Administración e na Igrexa.
 - Recompilou moito léxico galego.
 - Escribiu o *Diálogo de 24 gallegos rústicos*.

PRERREXURDIMENTO

- Período: de 1808 (invasión napoleónica) a 1863 (publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro).
- 1º período (1ª década):
 - Textos en prosa de propaganda contra a invasión dos franceses.
 - Literatura de circunstancias: A. Benito Fandiño: A casamenteira (sobre os matrimonios de conveniencia).
 - 2 poemas amorosos de Nicomedes Pastor Díaz.
- 2º período: os PRECURSORES

Os precursores

- 2º terzo do XIX.
- Impulsados polo **provincialismo**: movemento que reivindica que Galicia é unha soa provincia (acababa de aprobarse a división en 4).
 - O movemento reivindica a lingua galega.
 - Os escritores ligados ao movemento comprométense co galego e coa recuperación da cultura galega.
- Autores: Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón




Xoán Manuel Pintos

Escrebiu o primeiro libro da literatura galega contemporánea:

A gaita gallega

pretende facilitar a aprendizaxe da lingua galega





Francisco Añón

Escrebiu poemas reivindicativos e patrióticos



Álbum de la Caridad

Antoloxía dos poemas presentados ao certame dos Xogos Florais de Galicia (participaron autores como Rosalía ou Pondal).

É a primeira escolma de poesía contemporánea.

